

Mércores 21 de marzo ás 21.45 h

Se tocan a un (*An Injury To One*, Travis Wilkerson, 2002, 53', VOSG)

COLLEITA VERMELLA

Dashiell Hammett

«O home gris non cría que eu tivera dereito algún ao carné que lle amosara, nin ao que aludira. Non cría que eu fora unha boa peza do sindicato. Como supremo mandatario do IWW en Personville sentíase na obriga de averiguar quen era eu, evitando falar de asuntos subversivos mentres facía por se enterar.

Eu non tiña nada que obxectar. O que me interesaba eran os asuntos de Personville. Non lle importaba falar deles ao tempo que procuraba investigar de cando en vez o asunto dos meus carnés vermellos.

O que segue pódese resumir así:

Durante corenta anos, Elihu Willson, o Vello, pai do que morrera aquela noite, foi o dono de Personville en corazón, alma, pel e entrañas. Era presidente e accionista maioritario da Personville Mining Corporation, así como do First National Bank, propietario do Morning Herald e do Evening Herald, os únicos xornais da cidade, e copropietario cando menos de todas as demais empresas dalgunha importancia. Á parte destes bens, era propietario dun senador dos Estados Unidos, dun par de deputados, do gobernador, do alcalde e da meirande parte dos deputados do Estado. Elihu Willson era Personville e case todo o Estado.

Aló polos tempos da guerra, a IWW¹, que agromaba daquela por todo o Leste, afiliara os traballadores da Personville Mining Corporation. Non se pode dicir que antes foran tratados con moito

agarimo, e agora empregaron a súa nova forza para esixiren o cumprimento das súas demandas. O Vello deulles o que non lles puido negar, e agardou que chegara a súa hora.

E chegou en 1921. Os negocios afundían. A Elihu, o Vello, teríalle dado igual pechar que non pechar durante algún tempo. Rachou os acordos que establecera cos seus obreiros e fíxoos voltar a couces deica a súa posición de antes da guerra.

Naturalmente, os obreiros pediron axuda a berros. Bill Quint foi enviado dende a sede do sindicato en Chicago para os mobilizar. Opúñase á folga, ao abandono aberto do traballo. Aconsellou que se adoptara o vello truco da sabotaxe: ficar nos postos de traballo e amolar dende dentro. Pero a xente de Personville achou iso pouco dinámico. Querían darse a coñecer, querían pasar á historia do movemento obreiro.

Declaráronse en folga.

A folga durou oito meses. Derramouse abondoso sangue de ambos os dous bandos. Os sindicatos tiñan que o derramar eles propios. Elihu, o Vello, empregou pistoleiros e crebafolgas, a Garda Nacional e mesmo destacamentos do exército regular para o facer. Cando fendeu a cabeza do último obreiro e cesou a fractura de costelas a patadas, a organización laboral de Personville tiña tanta forza coma un foguete que xa foi disparado.

Pero, ao dicir de Bill Quint, Elihu o Vello non estaba moi ao tanto da historia dos italianos. Gañou a folga, pero perdeu o seu dominio sobre a cidade e o Estado. Para lles gañar a partida aos mineiros houbo de soltar a renda dos seus matóns a soldo. E non ben rematou a loita, xa non se puido zafar deles. Entregáralles a cidade da que foi dono e xa non tiña forza abonda para a recuperar. Os matóns gostaron de Personville e quedaron con ela. Gañaran a folga para Elihu, e a cidade era o botín que se lles debía. Elihu non podía romper abertamente con eles. Era moito o que sabían del, e el era o responsable de todo canto fixeran durante a folga.

1 Industrial Workers of the World (Traballadores Industriais do Mundo), tamén coñecidos como os Wobblies. É un sindicato revolucionario que tivo a súa orixe nos Estados Unidos a principios do século XX, cando foi fundado por dous centos de socialistas, anarquistas e sindicalistas de todo o país no que constituíu un dos acontecementos máis importantes na historia do movemento obreiro norteamericano. Foi duramente reprimido logo da Primeira Guerra Mundial, matando os seus principais líderes, como Joe Hill (1915) ou Frank Little (1917). Na actualidade, a IWW segue en activo. [Nota do tradutor]

Para daquela, tanto Bill Quint coma min estabamos completamente bébedos. Baleirou o seu vaso dun grolo, apartou a cadeira, quitou o pelo dos ollos e deu os toques finais á súa narración.

– Probablemente o máis poderoso de todos eles, agora mesmo, sexa Pete o Finlandés. Esta apócema que estamos a beber é súa. Logo está Lew Yard. Ten unha casa de empeños na parte baixa de Parker Street, é o fiador de moitos encausados, dá saída á meirande parte dos obxectos que se rouban nesta cidade, segundo din, e dáse moi ben con Noonan, o xefe de Policía.

Ese rapaz, Max Thaler, o Murmurio, ten tamén unha mancha de amigos. É un tipo cativo, moreno, espelido, que ten algo na gorxa. Non dá falado. Xogador. Pódese dicir que eses tres e Noonan son quen axudan a Elihu a gobernar a súa cidade, que lle axudan máis do que el quixera. Pero ten que lles seguir o xogo, porque se non...

–E onde encaixaba o fulano ese que chimpanaron esta noite, o fillo de Elihu? –preguntei.

–Onde o colocara o seu papá. E agora está onde o puxo o seu papá.

–Quere vostede dicir que o Vello fixo que...?

–Talvez, pero iso non é cousa miña. Ese Don volveu a casa e empezou a dirixir os xornais de seu pai. O Vello non é dos que se deixan quitar algo sen loitar, aínda que xa está para morrer.

Só que había de ter conta destes tipos. Trouxo de París o rapaz e máis a muller, que é francesa, e empregouno coma un monicreque, proceder moi paternal. Ben, pois Don vai e lanza unha campaña de reforma nos xornais. Para limpar a cidade de vezos e corruptelas, o que significa, se a cousa chegara lonxe dabondo, a fin de Pete, de Lew e do Murmurio. Entendes? O Vello está mangoneando o rapaz para se librar deles. Supoño que cansaron de que se meteran con eles.

–Paréceme a min que esa suposición ten algunhas tachas.

–Hai unha morea de cousas con tachas en todo o que ten a ver con esta porca cidade. Xa bebeu abondo dese verniz?

Díxennlle que si. Tiramos pola rúa cara abaixo. Bill Quint díxome que estaba a parar no Hotel dos Mineiros, en Forest Street. Como o meu hotel estaba de camiño fomos xuntos. Diante do meu hotel vimos un individuo rexo con pintas de policía secreta que estaba na beirarrúa a falar co ocupante dun automóbil Stutz de turismo.

–Ese é o coche do Murmurio –díxome Bill Quint.

Mirei alén do varudo e puiden ver o perfil de Thaler. Era un home novo, cativo e moreno, de riscos agraciados e tan regulares que semellaban cuños.

–Éche guapo, o rapaz –dixen.

– Quizais –dixo o home de gris–. Tamén o é a dinamita.»

* Fragmento de Dashiell Hammett. *Cosecha roja*
(Traducción de Fernando Calleja).
Madrid: Diario El País, 2004, pp. 17-20.
[Tradución ao galego de Pablo Cayuela]

■ PROYECCIONES

Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)

cineclubedecompostela@gmail.com

<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

■ ASOCIACIÓN

O Cineclub de Compostela

tenta ser unha asociación autosexionada.

Cota mensual traballadores/as: 5 e. // Estudantes

e parados/as: 3 e. // Socios/as protectores/as: 75 e./ano